



Ast.º: Certificado do decreto da adxudicación definitiva
Ref.ª: Contrato derivado do Expdte. S. 04/09

M. BLANCA ESTÉVEZ SÁNCHEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA,

C E R T I F I C A :

Que segundo se desprende do Libro de Decretos da Presidencia deste Consorcio, arquivado nesta Secretaría ao meu cargo, resulta que o día vinte e oito de decembro de dous mil nove (28.12.2009) o sr. presidente adoptou a resolución contida no decreto que a continuación queda transcrito:

<< Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña,>>
(...) << a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Logo de ver o expediente S. 04/09 incoado para a contratación do subministro dun vehículo turismo mediante o sistema de renting con destino á Xerencia deste Consorcio aprobado en resolución desta Presidencia do 23 de setembro de 2009 e atendidos os seguintes

a n t e c e d e n t e s :

1. Os que, como tais, constan na resolución desta Presidencia contida no decreto de data 4 de decembro de 2009, en virtude cal adxudicábase provisionalmente o contrato comprendido no dito expediente S. 04/09.
2. Que na propia data do 4 de decembro de 2009, inseriuse no perfil do contratante o certificado da adxudicación provisional, constando tamén que na propia data do 2 de decembro, realizáronse as actuacións seguintes:
 - O anticipo, mediante Fax, á totalidade dos licitadores (unicamente ao que resultou adxudicatario provisional por seren este o único presentado ao proceso) da notificación da adxudicación provisional, indicándose, no dito anticipo, o aviso da publicación da mesma no perfil do contratante na repetida data do 04.12.2009.
 - A notificación cursada mediante correo certificado ao indicado licitador e adxudicatario provisional, constando no expediente a recepción da mesma.
3. Que publicada como antecede a adxudicación provisional no perfil do contratante, comezou contar o prazo para:
 - A presentación, polo adxudicatario provisional, da documentación correspondente á que fai referencia a cláusula 16ª do prego de administrativas particulares.
 - A elevación a definitiva da adxudicación provisional cumpridos os extremos aos que fai referencia a propia cláusula 16ª citada.
4. Que, en relación co contido do apartado anterior, constan no expediente:
 - A presentación, polo adxudicatario provisional, dos documentos correspondentes aos que fai referencia a cláusula 16ª do prego de administrativas particulares.
5. Que, finalmente, consta a fiscalización da Intervención, previa á adquisición do compromiso de gasto que a adxudicación definitiva leva consigo aparelhada.

Sobre a base dos antecedentes expostos e cumpridos en consecuencia, os requisitos esixidos ao efecto pola Cláusula 16ª do prego de administrativas citado, no uso da competencia establecida na Disposición adicional segunda da Lei de contratos do sector público, así como, atendida o resto da normativa de aplicación segundo se cita na resolución desta Presidencia contida no decreto do 4 de decembro de 2009, mediante o presente

R E S O L V O :

1º. Elevar a definitiva a adxudicación provisional aprobada pola citada resolución desta Presidencia contida en decreto de data 4 de decembro de 2009, do contrato comprendido no expediente S. 04/09, de subministro mediante o sistema de renting con destino á Xerencia deste Consorcio realizada a favor de "LEASE PLAN SERVICIOS, S.A." , e polo prezo ofertado e adxudicado provisionalmente, segundo se especifica como segue:

	CIFRA	LETRA
Prezo base ofertado (mensual)	952,35€	Novецentos cincuenta e dous euros con trinta e cinco céntimos.-
Imposto sobre o valor engadido (16%)	152,33€	Cento cincuenta e dous euros con trinta e tres céntimos.-
Total ofertado incluído o I.V.E. (mensual)	1.104,68€	Mil cento catro euros con sesenta e oito céntimos.-



2º. Adquirir o compromiso de gasto correspondente derivado das corenta e oito cotas (catro anos) das da duración do contrato, consonte ao establecido pola cláusula 3ª do prego de administrativas particulares que rexe no procedemento.

3º. Notificar a presente ao adxudicatario definitivo (único licitador presentado dos invitados ao proceso), a quen se citará para a formalización do contrato administrativo que, en todo caso, haberá de subscribirse no prazo máximo dos dez días hábiles desde o seguinte ao da indicada notificación.

4º. Contra o presente acto comprensivo da adxudicación definitiva, que pon fin á vía administrativa (Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común), poderá interpoñerse polos interesados e, especialmente, polos licitadores, ante a Presidencia deste Consorcio e postestativamente, recurso de reposición, dentro do prazo dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da recepción da dita notificación da adxudicación definitiva e, notificación da adxudicación definitiva e, en tal caso, non poderá interpoñerse o recurso contencioso – administrativo, ata en tanto que o de reposición sexa resolto de forma expresa ou se producira a súa desestimación presunta (art. 116.2 da citada Lei 30/1992, de 26 de novembro). O prazo de interposición do recurso contencioso - administrativo posterior ao de reposición será:

a) De dous meses desde o día seguinte ao da recepción da notificación de la resolución expresa del recurso de reposición.

b) Caso de non se dictar resolución expresa, o prazo será de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel no que deba entenderse desestimado presuntamente o recurso de reposición.

Poderá, nembargante, interpoñerse directamente o recurso contencioso - administrativo ante o Iltmo. Xulgado do Contencioso - Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous (2) meses contados a partires do día seguinte ao da recepción da notificación do presente acto da adxudicación definitiva (todo isto, consonte a canto queda establecido ao efecto pola Disposición adicional décimo carta d Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985 de 1 de xullo, do Poder Xudicial, que modificou o art. 8 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso - Administrativa, así como arts. 46.4 e 116.2 desta última).

5º. Publíquese certificación desta resolución no perfil do contratante así como nos diarios ou boletíns oficiais que corresponda na forma regulamentariamente establecida, aos efectos de transparencia, publicidade, público coñecemento e cumprimento do disposto na cláusula 16ª.8 do prego de administrativas particulares e emítase, así mesmo, a correspondente certificación para a súa unión ao expediente de orixe, S. 04/09, e como anexo que corresponda ao contrato que formaliza esta adxudicación segundo se cita no apartado 3º da mesma.

<<Rematado (...)>>

E para que así conste e na unión, no seu caso, cos documentos que proceda, xurda os efectos oportunos, emito a presente certificación no cumprimento do disposto polo art. 2.e) do texto normativo aprobado polo Real decreto 1174/1987, de 18 de setembro, e de orde e co visto e prace do sr. presidente en Carballo, a vinte e oito de decembro de dous mil nove.

V.º e pr.
O presidente,

Asdo.: Santiago Villanueva Álvarez